

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS AO COLECTIVO DE REDEIRAS ARTESÁS NO MARCO DO SEU PROCESO DE DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DA PESCA.

En Santiago de Compostela, a 28 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte Dna. Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da mesma consellería, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Francisco José Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da mesma consellería, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, e no nome e representación da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño como Presidente do seu Padroado de conformidade cos artigos 14 e 21 dos seus Estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, dispón no seu artigo 1 que esta é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia con competencias no relativo ás asociacións dos/as profesionais do sector, así como en cooperación pesqueira interinstitucional, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, sen prexuízo das competencias que poidan corresponderlles aos outros organismos da Comunidade Autónoma.

Que o devandito Decreto no seu artigo 9 establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é un órgano de dirección da Consellería do Mar ao cal corresponde o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a Consellería en materia de extensión pesqueira. E que en uso da dita atribución a dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro leva realizadas accións de cara á diversificación profesional do colectivo de redeiras artesás de Galicia. Estas accións realizadas precisan dun novo pulo tanto para garantir unha optimización dos recursos públicos xa empregados, como para asegurar a continuidade e éxito das accións de diversificación das redeiras artesás.

SEGUNDO.-

Que a Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño é unha entidade sen ánimo de lucro que depende da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Entre os seus cometidos primordiais está o desenvolvemento de liñas de investigación destinadas a especializar e perfeccionar técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais ademais de optimizar o proceso produtivo xa que a innovación, o deseño e a calidade son bases para a supervivencia desta área.

Que a Fundación ten entre os seus fins o desenvolvemento de programas de asistencia, formación, promoción e calquera outro aspecto inherente á cultura dos oficios artesanais en Galicia.

E que, en particular, a Fundación ven desenvolvendo desde hai anos accións de formación co colectivo de redeiras artesás de Galicia, acadando resultados tanxibles logo do remate dos cursos desenvolvidos. As ditas actuacións obtiveron unha notable repercusión pública, así como unha posibilidade real de xerar ingresos adicionais dentro do colectivo de redeiras.

TERCEIRO.-

O Regulamento (UE) Nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), inclúe no seu artigo 29.1 a), entre as medidas financiadas dentro do capítulo de desenvolvemento sustentable da pesca: *“A formación profesional, a aprendizaxe permanente....e a difusión de coñecementos de índole técnica e de prácticas innovadoras e a adquisición de novas competenciasvinculadasás actividades do sector marítimo...”* .

CUARTO.-

A Consellería do Mar considera que o desenvolvemento das actuacións descritas neste acordo, elixibles no marco de execución do Programa Operativo (FEMP), son un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da diversificación profesional do colectivo de redeiras artesás de Galicia.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente acordo, conforme as seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA

Este acordo ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño para a execución de accións formativas que permitan a diversificación profesional das redeiras artesás de Galicia.

SEGUNDA

Para cumprir co obxecto do presente acordo, a Consellería do Mar transferirá a cantidade de 26.300€ con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.722A.640.5, (cofinanciada polo FEMP: 75%) dos orzamentos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, de acordo co seguinte:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Código proxecto	ANUALIDADE	TOTAL
14.03.722A.640.5	2016-0263	2016	26.300€

Co dito importe será ampliado o orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na aplicación orzamentaria 08 02 751 A 743 04, código de proxecto 2015 00295.

Estes fondos corresponden coa achega que a Consellería de Economía, Emprego e Industria realizará á Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño para que esta desenvolva actividades de formación para perfeccionar as técnicas de elaboración que permitan mellorar a calidade dos produtos artesanais, ademais de optimizar o proceso produtivo das redeiras a través da súa aplicación.

A devandita transferencia instrumentarase a través dos correspondentes documentos contables que permitan as achegas entre organismos da Xunta de Galicia (artigo 64.1.g do Decreto Legislativo 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).

TERCEIRA

Coa finalidade de facilitar a diversificación profesional das redeiras galegas, as accións formativas incluirán tanto o deseño de produtos específicos como a realización de cursos para a mellora da elaboración de complementos e presentación dos produtos.

O cursos a impartir, como mínimo, serán:

Denominación	HORAS
Curso de deseño e aplicación das técnicas das redeiras ao sector da moda (Lugar de celebración a determinar pola D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro)	50
Curso de perfeccionamento de deseño e produción de novos produtos de bixutería (A Garda)	60
Curso de perfeccionamento de deseño e produción de unha nova colección de complementos e bisutería (Corme)	50
Curso de Formación para produción de Mobiliario de la Firma Juan Ares Design Marine (Santiago de Compostela)	60
Total horas	120

QUINTA

A Fundación Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño asume as seguintes obrigas:

- Organización dos cursos, incluíndo profesorado e materiais precisos
- Control de asistencia das alumnas
- Realizar unha avaliación dos resultados
- Elaborar diplomas de asistencia e/ou aproveitamento
- Formalización das correspondentes base de datos dos cursos e alumnas
- Difundir tanto a realización dos cursos como os resultados acadados

SEXTA

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo créase unha comisión mixta de seguimento, de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Os conflitos que se formulen resolveranse pola comisión de seguimento e, no seu caso, aplicando as regras para resolver conflitos de atribucións (resolución mediante Decreto do Consello da Xunta, logo de ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 4.12 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta de Galicia e da súa Presidencia e artigo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO
DA ARTESANÍA E DO DESEÑO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)

13.b da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia publicada no Diario Oficial de Galicia número 80 o 28 de abril de 2014).

Así mesmo, tamén deberá terse en conta a regulación na resolución destes conflitos que se contén nos artigos 13-5º da LOFAXGA (Lei 16 /2010, do 17 de decembro) e 18-2º da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

SÉTIMA

O presente acordo terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, sen que caiba prórroga.

OITAVA

O presente acordo de colaboración ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación e, en concreto, a Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente acordo, asínano e rubricano, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo

A conselleira do Mar

Rosa M^a Quintana Carballo

O conselleiro de Economía, Emprego e
Industria

Francisco José Conde López